


léxico

de costureiras

Edita
Programa A Memoria das Mulleres. Concellería de Patrimonio Histórico (Concello de Pontevedra).

Idea e textos
María Abelleira Fontán e Óscar Senra Gómez


Deseño e maquetación
Xiana Iglesias Villaverde

Presentación

O da costura forma parte dos oficios invisibilizados, considerado como unha "tarefa propia de mulleres", a pesar de requirir a súa dedicación de formación previa e de moitos anos de dedicación, case sempre sen dedicación exclusiva. A maioría traballaron desde nenas, ou polo menos aprenderon sendo moi novas, a pesar de que diso non quede constancia en ningún informe de vida laboral. Moitas realizaron o oficio na casa sen horarios nin dereitos e algunhas chegaron a empregarse despois en talleres con condicións bastante precarias. Hoxe, a presenza das grandes industrias do téxtil contribúen ao esquecemento do traballo realizado por aquelas que, non tanto tempo atrás, confeccionaban á medida o noso vestir do día a día, e tamén o vestir das festas e das grandes ocasións. Nun tempo de moitas escasezas e poucas abundancias, lembran, "a xente era moi elegante. Todo o mundo tiña un traxe. Usábanse os traxes, levábase sombreiro...".

A través das palabras das protagonistas recóllese neste *Léxico de costureiras* unha mostra da arte do fío e da agulla, do valor do seu oficio e da destreza e coñecementos que se requirían na confección das prendas do vestir. Con todo, aínda sendo unha recompilación das palabras e expresión máis frecuentes, é preciso indicar que este documento non pretende ser un tratado filolóxico nin unha recompilación exhaustiva, senón un material baseado na experiencia e coñecementos transmitidos polas propias costureiras.

O *Léxico de costureiras* é resultado da investigación realizada para o programa A Memoria das Mulleres do Concello de Pontevedra, unha iniciativa que nace no ano 2013 coa finalidade de construír, de modo colectivo e cooperativo, un fondo documental, gráfico e audiovisual da historia das mulleres en Pontevedra. Desde A Memoria das Mulleres queremos dedicarlles esta humilde homenaxe á súa dedicación e profesionalidade.


A B C D E
F G H I L
M N O P Q
R S T U V
X Z



Agulla
Utensilio, normalmente de metal, empregado para coser e bordar que consiste nunha barra fina e delgada acabada en punta e que ten no outro extremo un buraco por onde se pasa o fío.

Alfinete
Utensilio de metal empregado para suxeitar a prenda. Consiste nunha peza fina e delgada acabada en punta nun extremo e nunha cabeza no outro, o que impide que traspase a tea.

Alfineteiro
Almofada pequena que serve para cravar os alfinetes.

Alpaca
Tipo de tecido moi fino, de algodón brillante e cor canela.

Amidonar
Meter a roupa en auga con amidón diluído e, cando aínda está medio húmida, pasarlle o ferro moi quente para conseguir que a peza quede ríxida. Entre a peza de roupa e o ferro de pasar poñíase un pano para evitar que se queimase. Era frecuente amidonar os voos da roupa, os colos das camisas, as mantelarías ou as saias, entre outras pezas, aínda que non formaba parte dos labores da costureira, senón que se facía na casa.

Baeta
Roupa de bebé feita de la e feitura frouxa que pode estar cuberta de pelo por unha ou polas dúas caras.

Basta[1]
Parte inferior dunha prenda na que se recolle a lonxitude. Normalmente cosía-se para dentro e con puntada cega, de cara a evitar que se notase a puntada.

Bastidor
Estrutura de madeira que se utiliza para fixar teas e bordalas.

Batista
Tea de liño ou algodón moi fina que se emprega principalmente para roupa interior e panos.

Biés (cortar ao)
Cortar de forma atravesada ou oblicua.

Bodoque[2]
Adorno de bordado que forma un pequeno círculo en relevo.

Bordar
Adornar un tecido con bordados.

Braga
Prenda de roupa íntima feminina. Tempo atrás facíanas as costureiras, con

1 Forma recollida: *Dobladillo.
2 Forma recollida: *Bodocos.





feituras moi sinxelas e sen reforzos. Os tecidos máis empregados eran o algodón e o lenzo moreno.

Branquear
Labor realizado para darlle unha cor branca ou máis branca a un tecido.

Cadeneta
Labor de bordado ou de punto que forma unha cadea e que para a que se empregaba fío duplo (agás de se empregaren fíos como o de Dalia, que era máis groso) para destacar o deseño. Era moi usada en traballos de mantelearía, perfilando o contorno.

Calzón
Peza de roupa interior masculina. Acostumaban facelos as costureiras á man. Empregábase o lenzo moreno, que había que poñelo en lixivia para aclarar e branquear. Podían ser longos ou curtos. Os longos levaban unhas cintas que se ataban na cintura e na perneira: na parte inferior para evitar que saísen por fóra do pantalón e na cintura para amarrar.

Camiseiras
Mulleres especializadas en coser camisas.

Clarear
Pór a roupa húmida e con xabrón ao sol para quitar manchas ou facelas máis

claras. Para evitar que o sol queimase as pezas de roupa era necesario humedecer os tecidos con certa frecuencia.

Colo[3]
Parte dalgunhas pezas de roupa que bordea o pescozo.

Cordón[4]
Punto de bordado que imita un cordón e que se facía coa máquina na puntada cero, ao mínimo.

Corte
Acción de cortar as teas para elaborar as pezas de roupa. Nos talleres de costura ensinábase tamén corte, unha vez se aprendía a coser.

Coser
Pasar un fío coa axuda dunha agulla entre dúas teas para unilas. Podíase coser á máquina ou coser á man.

Costado
Aplicado ás pezas de roupa, parte que se corresponde coas zonas do corpo situadas debaixo dos brazos, entre o peito e as costas.

Costura
Actividade que permite facer pezas de roupa.

3 Forma recollida: *Cuello.
4 Forma recollida: *Cordoncillo.



Cuña
Corte ou peza pequena de roupa que se engadía para mellorar a amplitude en determinadas zonas (como na entreperna para as medias ou na axila), o que facilitaba a mobilidade.

Dar a volta (aos abrigos)
Aproveitamento da roupa máis gastada, como os abrigos, que consistía en que cando se vía moi rozado, desfacíase de todo e na xastrería volvían coselo de novo pero coa parte da tea interior cara a fóra, polo que parecía novo. O elevado prezo das teas contribuía a esta reutilización dos tecidos.

Dar un pique
Corte pequeno en cuña ou en diagonal, sen chegar á costura, que se facía pola parte interior da prenda para que a tea abrise e facilitar que se adaptase aos movementos do corpo. Deste xeito, evitábase que ficase tirante. Facíase, sobre todo, na cintura ou no escave e tamén nos petos dos traxes masculinos. O anaco de tea cortada sobrefiábase e ficaba así.

Dedal
Utensilio de material duro que se coloca no dedo para empurra a agulla ao coser e evitar ferirse.

Desenfiar[5]
Quitarlle o fío a unha agulla ou a unha peza de roupa.

Dianteiro
Parte de diante dunha peza de roupa. Termo moi empregado para se referir á parte dianteira dunha chaqueta de traxe.

Disfrace
Vestimenta e outros complementos empregados para disimular a aparencia exterior e que se emprega con maior frecuencia en tempo de Entroido.

Dobra[6]
Remate que se fai nos bordos dun tecido e que consiste en meter e coser un pouco para dentro.


Dril
Tecido moi duro que se empregaba con frecuencia para roupa de traballo.

Enfiar
Meter un fío polo buraco dunha agulla.

Entreforro[7]
Tecido entre a tea e o forro para lle dar corpo a unha peza de roupa. O entreforro conviña mollalo con anterioridade ao uso por se encollía e, unha vez seco,

5 Forma recollida: *Desfiar.
6 Sinónimo: basta.
7 Forma recollida: *Entretela.





pasábaselle o ferro. Nas chaquetas de xastre ganduxábase coa dianteira para pasarlle despois o punto escapulario.

Envivar
Facer vivos, remates no tecido que normalmente levan un fío doutra cor.

Escapulario
Tipo de punto que se facía nas camisas, chaquetas e abrigos pola parte de atrás do pescozo, normalmente empregado en prendas de xastrería. O acabado é semellante a un punto de cruz máis ancho e moi matizado e quedaba oculto á vista.

Espiga[8]
1. Forma que se lle dá aos deseños no bordado.

2. Debuxo da tea no que un extremo, polo xeral de forma alongada e máis rebaixado, sobresae e encaixa noutro

Faldrón[9]
Peza de roupa que cae desde a cintura e que forma parte da vestimenta dos bebés.

Festón
Bordado recto ou en ondas realizado no bordo dunha tea. Caracterízase por

8 Forma recollida: *Espiguilla.
9 Forma recollida: *Faldón.

levar as puntadas moi xuntas e cada unha delas rematada formando un nó pola parte exterior, de xeito que de cortar a tea pola raíz do bordado, nin a costura se desfai, nin a tea se esfiaña.

Fiar
Transformar as fibras téxtiles en fío.

Fío
Material recto e fino resultado dunha fibra téxtil que se emprega para coser. Os fíos poden ser dun ou varios cabos.

Firtiré
Punto de bordado que consiste en marcar primeiro con fío o deseño ao que se lle vai dar forma (e evitar deste xeito que escapen os fíos e se desfaga o tecido) para despois, no interior dese deseño marcado, ir retirando fíos de tres en tres (en función de como se queira), en ambos os sentidos. Posteriormente, con fío de bordar (preferiblemente de Áncora de gran brillo) dábaselle forma ao debuxo, pechando os puntos para evitar que se desfixese.

Flanela[10]
Tecido suave de la ou algodón que ten unha cara como se estivese cardada. Era moi empregado para pezas de roupa de inverno.

10 Forma recollida: *Franela.





Follas
Adorno dos labores de bordado con esta forma.

Forrar
Cubrir cun forro.

Forro
Material, normalmente un tecido, situado no interior das pezas de roupa para reforzalas ou protexelas.

Gales
Tea con deseño de cadrados pequenos, moi empregada en xastrería.

Galón
Cordón de tecido, frecuentemente seda, moi fino que se empregaba para reforzar a roupa, como nos colos das camisas ou tamén para reforzar os colchóns, ou como adorno, como por exemplo, para resaltar os ollais.

Ganduxar[11]
Coser con puntadas moi longas e folgadas para facer probas de costura. A diferenza de pasar os fíos ou puntada frouxa, ao ganduxar o fío quedaba preso enriba da tea.

Ganduxo
Puntadas longas e folgadas que se dan nunha tea antes da costura definitiva.

11 Forma recollida: *Hilvanar

Gancho[12]
Técnica de tecido realizado cunha agulla que remata en curva por un dos extremos e que consiste en pasar un anel de fío por riba doutro.

Incrustación[13]
Adorno que se incrusta nunha tea para contrastar. Recurso moi empregado para a roupa das crianzas, especialmente recentemente nados.

La[14]
Tecido feito con la. Moi apreciada para os traxes dos homes.

Lagartera
Punto de bordado.

Lenzo
Tea de liño ou de algodón, moi empregado por ser de baixo custo.

Levita
Especie de chaqueta longa propia da vestimenta masculina con mangas, cinguida ao corpo e faldróns que poden chegar até os xeonllos.

Liño
Tecido ou tea feito con fío de liño. Ademais de empregarse para confeccionar

12 Forma recollida: *Ganchillo.
13 Forma recollida: *Incruste.
14 Forma recollida: *Lana.





roupa de vestir, o liño era moi usado para a roupa da cama, o que daba como resultado unhas sabas duras e moi pesadas. En consecuencia, os labores de lavado destas pezas requiría de grandes esforzos.

Mahón

Tea de gran dureza que se empregaba moito para roupa de traballo, sobre todo en pantalóns.

Manga

Partes das pezas de roupa que cobre os brazos, completamente ou unha parte.

- *Manga abullonada:* Tipo de manga pegada que se presentan esaxeradas, engurradas ou pregadas.
- *Manga escave*[15]*:* Tipo de manga que se caracteriza por acabar xusto no corte que se realiza no tecido para lle unir despois a manga.
- *Manga pegada:* Tipo de manga estándar, que se une ao corpo á altura do ombreiro.
- *Manga ranglán*[16]*:* Tipo de manga que se caracteriza porque se estende dunha soa peza desde o pescozo, cubrindo o ombro e deixando unha costura en diagonal desde o esca-

15 Forma recollida: *Manga sisa.
16 Forma recollida: *Ranglan.

ve até a clavícula. Leva a costura no escave.

- *Manga xaponesa:* Manga caída na que se cortan o dianteiro e a parte traseira unidas, sen costura no escave; sae enteira do pescozo e vai cosida na parte inferior. Pode ser máis ou menos frouxa. En ocasións é preciso engadirlle un rombo na axila coa intención de facilitar a mobilidade do brazo.

Mantelaría
Conxunto de mantel e panos de mesa que comparten características comúns. Polo xeral, son pezas cosidas na casa para seren agasalladas en celebracións importantes.

Máquina de coser
Aparello empregado para coser que axiliza os labores e permite que o proceso sexa máis rápido. As persoas entrevistadas lembran que as súas predecesoras empregaban máquinas de coser manivela. Podían cargalas dun lado para outro, polo que acostumaban desprazarse ás diferentes casas e realizaren alí as encargas que lles encomendaban.

Matizado
Punto que sobresae, con maior relevo. Normalmente faise dos dous lados,





polo que o debuxo queda en ambas as dúas caras do tecido.

Moaré
Tecido de textura forte ao tacto que forma un debuxo con ondas, que fai augas, e mudan de cor segundo a luz. Tamén se recolle como sinónimo a forma tornasol.

Modista
Muller que traballa na confección de pezas de roupa por encarga ou que realiza arranxos. Profesional da costura.

Mosaico
Decoración sobre un tecido que se compón de diferentes elementos combinados para facer un deseño.

Niño de abella
Punto de bordado que consiste en engurrar a tea até ficar como un acordeón e coser por riba facendo os deseños desexados (rombos, flores, rococó...). Normalmente eran prendas moi caras, en parte porque eran moi laboriosas.

Ollal[17]
Abertura realizada nun tecido na que se cosen os bordos para rematar e que se emprega para abrochar os botóns. O punto de ollal facíase moi xunto e consistía en facer un nó en cada

17 Forma recollida: *Oxal.

puntada conforme se avanzaba. Para conseguir que ficase ben feito e igualado, era preciso que a puntada se fixese sobre a tea sempre á mesma altura. Os ollais podían ser abertos ou pechados, segundo quedaran ou non á vista.

- *Ollal de xastre:* Ollal que se resalta cun galón para facelo destacar. Era moi característico do xastre e as modistas non acostumaban facelo.

Organdí[18]

Tea branca de algodón, transparente e moi fina que se empregaba moito para os vestidos das comuñóns das nenas.

Panamá

Tecido de algodón que se utilizaba con moita frecuencia na confección de pezas de roupa para o verán. Tamén era habitual empregalo en labores de mantelaría.


Pantaloneira

Traballadoras da costura cuxo labor principal consistía na confección de pantalóns.

Pasar os fíos

Costura provisional que consistía nunha puntada longa e frouxa para xuntar as teas e facilitar que as dúas partes do corte quedasen iguais. Servía para

18 Forma recollida: *Organza.





marcar, por exemplo, as pinzas dunha prenda no mesmo sitio. Tamén recibe o nome de puntada frouxa.

Patrón
Modelo que se segue para confeccionar as diferentes pezas de roupa.

Percal
Tecido fino e tupido de algodón. Caracterízase por ser unha tea sinxela, moi empregada na confección de vestidos.

Perfilar
Marcar o contorno ou perfil dun deseño ou tea.

Pespunto[19]
Tipo de puntada que forma unha liña de puntos sucesivos e que se realiza ao introducir a agulla polo final da puntada anterior.

Peto[20]
Anacos de tea que se incorporan na peza de roupa e nos que se poden gardar cousas.

Peza de roupa[21]
Cada un dos elementos que forman a vestimenta.

19 Forma recollida na fala: *Pespunte.
20 Forma recollida: *Bolsillo.
21 Forma recollida: *Prenda.

Picar as entreteas
Labor que se asocia cos traballos do xastre (e das persoas que axudaban ou aprendían o oficio) e que consistía en coser á man con fío de algodón, desde o escave, para xuntar as diferentes partes.

Pinza
Dobra que se realiza nalgunhas pezas do vestido (como vestidos ou abrigos). Existen tipos variados de pinzas (rectas, de rombo...) Da destreza para cortar e facer as pinzas dependía, en gran medida, a comodidade ou axuste da peza ao levala posta. Normalmente, as costureiras, á hora de cortar a tea ou de pensar o modelo, calculaban cantas pinzas ían necesitar e onde ían deixar tea para podelas coser.

Piqué
Tecido fino de algodón no que se aprecian debuxos de formas variadas e que se empregaban, maiormente, en situacións festivas, xa que lucía moito e era moi apreciado. Usábase moito en vestidos de mozas e traxes de crianzas.

Plumeti
Tipo de tea moi fina, transparente e con bodoques que era moi empregada en vestidos de nena.





Popelina
Tipo de tecido que se caracteriza pola súa finura e frescura e presenta urdido de seda e trama de la ou de algodón.

Pregar[22]
Dobrar unha tea sobre si mesma, de forma que unha parte queda sobreposta a outra.

Prego
Dobra que se fai na tea alternando unha vez cara a un lado e outra cara ao outro, de tal forma que unha parte queda sobre a outra.

Puntada
Resultado de pasar unha agulla enfiada por unha tea ao coser.

- *Puntada cega:* Puntada que se fai polo bordo da tea e que se caracteriza por non traspasar a tea, evitando que se vexa o fío desde o lado de fóra.
- *Puntada de máquina:* Adornos deseñados pola modista coa puntada da máquina ao coser.
- *Puntada rusa:* Punto de costura e de bordado que se caracteriza por coser para atrás. Facíase sempre á man, intercalando unha puntada máis grande cunha máis pequena,

22 Forma recollida: *Fruncir.

e repetindo esta acción até conseguir o deseño desexado.

Puntilla
Adorno de encaixe, normalmente unha tira fina, que se une a unha peza.

Punto de cruz
Forma de bordado moi estendida que consiste en coser cruces para formar unha imaxe.

Puño
Parte da manga que se sitúa na zona do pulso.

Rematar
Realizar un punto para finalizar o que se estaba a coser sen que se perda o fío ou se desfaga a costura.

Remendar
Pór un remendo, como un anaco de tea.

Resilier
Punto de bordado que consiste en perfilar o debuxo que se quere facer e, unha vez perfilado, córtase a tea para despois, co bastidor da máquina, facer a costura en zig-zag, co que se obtén un deseño con forma de rede.

Rococó
Deseño que se conseguía dando unha puntada na tea, despois envolvíase





moito o fío na agulla e, cando estaba ben envolto, metíase de novo a puntada para que quedase prendido o fío facendo o debuxo.

Saba[23]

Pezas de roupa das cales unha se emprega para separar a cama do colchón e outra para separar as mantas.

Saia

Peza de roupa que vai cinguida á cintura e que pode ter un largo variable. Existen diferentes tipos de saias, segundo a forma:

- *Acampanada:* Distínguese polo corte, que se realiza ao biés e en redondo, como se fose unha capa, para despois cosela. Diferénciase da nesgada (ou evasé) na forma de cortar.
- *Con machos:* Presentan dous pregues, un enfrontado ao outro.
- De talle baixo: A parte da cintura vai situada na cadeira.
- *Evasé*[24]*:* De forma recta e moi aberta.
- *Plisada:* Caracterízase por ter unha serie de dobras pequenas e marcadas, todas cara ao mesmo lado.
- *Recta:* En liña recta desde a cintura.

23 Forma recollida: *Sábana.
24 Tamén se recolle como saia nesgada.

- *Táboa:* Semellante á plisada coa diferenza de que as dobras non van todas para o mesmo lado.
- *Tubo:* Do tipo da saia recta pero moi estreita na parte inferior.

Sarga
Tipo de tea ríxida moi empregada en pantalóns para homes.

Seda salvaxe
Tipo de seda máis grosa.

Sobrefiar[25]
Puntada que se daba un pouco máis para dentro do bordo da tea para evitar que a tea se desfixese (nas bastas, nas costuras...). Esta costura debíase facer cara a diante e nunca cara atrás.

Solapa
Parte dianteira dunha chaqueta ou abrigo que se dobra sobre a mesma peza e que se cosía cunha puntada cega.

Sostén
Peza de roupa íntima feminina que tamén cosían as costureiras. Para a súa elaboración cortábanse catro pezas de tea (polo xeral lenzo) que despois se unían e que axudaban a dar a forma do peito. Na parte traseira levaban un

25 Forma recollida: *Subrilar.





anaco de goma para axudar a axustalo, aínda que este sistema é posterior a aquel que se confeccionaba cunhas cintas que se colocaban ao redor da cintura para lle dar a volta ao redor do corpo e despois atalas.

Talle[26]
Medidas convencionais que serven de patrón para a confección de pezas de roupa.

Tensar (a tea)
Estirar a tea de tal forma que quede tensa.

Tergal
Tipo de tecido de poliéster e moi resistente que se empregaba moito en vestidos.

Tesoiras[27]
Utensilio con dúas láminas afiadas unidas por un eixe que serve para cortar a tea, os fíos, etc.

Tirantes
Tiras de material diverso (normalmente elástico) que suxeitan a parte inferior da roupa desde os ombreiros.

Tomar as medidas
Acto de medir diferentes partes do

26 Forma recollida: *Talla.
27 Forma recollida *Tixeiras.

corpo dunha persoa para axustar a peza de roupa ao seu talle. En particular, medíanse as costas (de ombreiro a ombreiro), o contorno (tanto do peito como pola parte inferior deste), a cintura (ou talle), a cadeira, o longo (en función dos gustos) e o longo da manga, medida que se tomaba sempre co brazo pechado, para evitar que quede tenso ou pequeno ao dobrar o brazo. Unha vez tomadas as medidas, e tamén ao cortar con patróns, engadíanse dous centímetros a maiores para a marxe da costura.

Trapela[28]
Anaco de tea que se engadía nos petos, pola parte exterior, coa que se cubría a abertura.

Traxe
Emprégase maiormente aplicado aos homes e consiste na vestimenta formada por pantalón, chaqueta e chaleco. Os traxes para os que se empregaban teas con debuxos de liñas recibían o nome de traxe de listas; e cando eran de cadros pequenos, traxe de gales.

Vainica
Punto que imita o efecto dun encaixe simple e que consiste en ir retirando en liña recta os fíos horizontais para des-

28 Forma recollida: *Trapilla.





pois agrupar os verticais que estivesen máis próximos entre eles. Hai diferentes tipos de vainica:

- *Cega:* Aquela que se fai sen quitar ningún punto.
- *Estreita:* Na que se quitan dous ou tres fíos de forma que o debuxo conseguido non fique moi ancho.
- *Grande:* Aquela que consegue o efecto contrario á estreita.

Vestido combinado
Vestidos confeccionados a partir de teas distintas, como forma de aproveitamento.

Vichí
Tea de algodón, normalmente de cadros moi pequenos, e na que se empregan fíos de cores que se van alternando.

Viscosa
Tipo de tecido que se obtén da celulosa.

Vivo [Meter un]
Tira de tecido que se aplica nun labor de costura (con frecuencia nos petos, ollais e en vestidos para destacar) como remate. Maiormente facíase da mesma tea pero tamén se podía dunha diferente, normalmente nunha cor que contrastase.

Xastre, xastra
Persoa que se dedica á confección de traxes. Moitas mozas aprendían este oficio nos talleres como axudantes.

Xibón
Peza de roupa para bebés que se caracteriza por ser solta e ampla da cintura para abaixo.

Zigzag
Deseño que se fai na tea con esta forma. Unha das maneiras de realizalo era meter un alfinete na tea e despois pasar a puntada da máquina por riba de onde estaba o alfinete e dar unha puntada a un lado e ao outro de forma sucesiva; todo moi xunto para conseguir facer o debuxo.



Agradecementos

A todas as costureiras que nos dedicaron o seu tempo e compartiron con nós o seu saber: Josefa Alén, Flora Torres Tomé, Carmen Santomé Torres, Pilar Fontán Cobas, Peregrina Juncal Reboredo, Ángeles Ruibal, Teresa Fraga, Marina López, Ángeles Ramírez, Josefa Iglesias, Elvira Moledo Souto, Milagros Crespo Boga... entre outras moitas.

A María Lores, pola súa entrega.

Ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, polo apoio e os consellos.

a memoria das mulleres

CONCELLO DE
PONTEVEDRA